



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CRTVG, S.A E O PARLAMENTO
DE GALICIA
MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, **DECLARA:**

Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia ten previsto formalizar co Parlamento de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue a o tempo necesario para a produción e realización da retransmisión do acto de entrega das Medallas do Parlamento de Galicia

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a CRTVG para a gravación, produción, realización e emisión do acto de entrega das Medallas do Parlamento, no Pazo do Hórreo o día 6 de abril de 2019.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A CRTVG aportará os medios necesarios para a execución desta retransmisión e poderá realizar promocións da mesma na súa programación.

O Parlamento de Galicia cede á CRTVG os dereitos para a emisión do acto, sen límite de pases ata a entrada da gravación no dominio público. Así mesmo, como organizadora do acto, facilitará os traballos á CRTVG para a gravación do evento.



Este acordo de colaboración non devenga de por si gastos adicional xa que as partes asinantes asumen os que resultan das súas obrigas con fondos propios dentro da súa actividade habitual.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 9 de xullo de 2019.